

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 13 de maio de 2024**

Con data trece de maio do ano dous mil vinte e catro, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Teresa Barge Bello

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a Mónica Legaspi Díaz

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE ABRIL DE 2024.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de maio de 2024.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 29 de maio de 2024, conforme co borrador

elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DA OU-0304 A ARMADA (OU-404) – ASTARIZ (OU-402) ENTRE OS PUNTOS QUILOMÉTRICOS 5+200 E 10+300, (FASE 2). CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO”.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1.- Ter por declarada a utilidade pública, de conformidade co disposto no *artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, das obras de Acondicionamento da OU-0304 A Armada (OU-404) - Astariz (OU-402) entre os puntos quilométricos 5+200 e 10+300, (fase 2). Concello de Castrelo de Miño*, cuxo proxecto foi aprobado definitivamente mediante resolución da Presidencia desta Deputación número 2023/12573, no termo municipal de Castrelo de Miño, **o atoparse incluídas co código 23prx0030, no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal do ano 2023** (BOP nº 241 do 19 de outubro do 2023).

2.- Acordar definitivamente, ao abeiro do disposto polo artigo 22, parágrafo quinto, da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia*, a **NECESIDADE DE OCUPACIÓN, CON CARÁCTER URGENTE**, dos bens e dereitos necesarios para execución das obras **Acondicionamento da OU-0304 A Armada (OU-404) - Astariz (OU-402) entre os puntos quilométricos 5+200 e 10+300, (fase 2). Concello de Castrelo de Miño**, aos efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación, *de acordo co previsto no artigo 21 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa e* de conformidade co reflectido no cadro seguinte:

Finca	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietarios	Cultivo	Dominio
4	16	32	32023A016000320000HA	- HEREDEROS DE MAGIN MENDEZ ALBERTE	SRPI	15,44
5	16	31	32023A016000310000HW	- MANUEL FERNANDEZ FERNANDEZ	SRPI	12,14
6	17	250	32023A017002500000HR	- ANTONIO IGLESIAS FERNANDEZ	SNRC SRPI	65,14
12	16	23	32023A016000230000HE	- EMILIO DIEGUEZ BARROS	SRPI	26,17
13	16	22	32023A016000220000HJ	- MERCEDES FERNANDEZ TOUZA	SRPI	28,27
16	16	2001	32023A016020010000HU	- DE MIÑO CONCELLO DE CASTRELO	SRPI	55,85

3.- Vista a situación orzamentaria, pois o orzamento que sustenta a licitación é o orzamento de 2023, que se incorporou no orzamento do ano 2024, non se pode prorrogar a licitación e execución das devanditas obras. Polo tanto, propónse que o presente informe-proposta se leve

a consideración da próxima Xunta de Goberno e posteriormente se dea conta á correspondente comisión informativa. **4.- Notificar esta resolución** aos interesados e ordenar a súa publicación no BOP, nun diario dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente.

* Información: Sección de Patrimonio e Expropiacións: rúa do Progreso, nº 32 Ourense 32003,(tfno:988317535,expropiaciones@depourense.es).

3.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO E MELLORA INTEGRAL NA OU-0102 XUNQUEIRA DE AMBÍA - POLÍGONO SAN CIBRAO. CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA”.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1.- Ter por declarada a utilidade pública, de conformidade co disposto no *artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, das obras de Acondicionamento e mellora integral na OU-0102 Xunqueira de Ambía - Polígono San Cibrao. Concello de Xunqueira de Ambía*, cuxo proxecto foi aprobado definitivamente mediante resolución da Presidencia desta Deputación número 2023/15919, no termo municipal de Xunqueira de Ambía, **o atoparse incluídas co código 22prx0024, no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal do ano 2024** (BOP nº 2, de 2 de xaneiro 2024).

2.- Acordar definitivamente, ao abeiro do disposto polo artigo 22, parágrafo quinto, da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*. a **NECESIDADE DE OCUPACIÓN, CON CARÁCTER URXENTE**, dos bens e dereitos necesarios para execución das obras **Acondicionamento e mellora integral na OU-0102 Xunqueira de Ambía - Polígono San Cibrao. Concello de Xunqueira de Ambía**, aos efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación, *de acordo co previsto no artigo 21 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa e* de conformidade co reflectido no cadro seguinte:

Finca	Pol.	Parc	Refer. Catastral	Propietario	Clasificación	Dominio
1	8	71	32037A008000710000FK	- CLAUDINA GARCIA PABLO	Solo Rural	2,10
2	8	70	32037A008000700000FO	- ALONSO LOSADA MARIA - BEATRIZ PEREZ COLEMAN - HEREDEROS DE MATILDE PEREZ-COLEMAN PEREZ - HEREDEROS DE MARIA EUGENIA PEREZ-COLEMAN - ALONSO-LOSADA	Solo Rural	85,80
3	9	12	32037A009000120000FO	- ALONSO LOSADA MARIA - BEATRIZ PEREZ COLEMAN - HEREDEROS DE MATILDE	Solo Rural	881,86

				PEREZ-COLEMAN PEREZ - HEREDEROS DE MARIA EUGENIA PEREZ-COLEMAN ALONSO-LOSADA		
4	9	223	32037A009002230000FB	- Desconocido	Solo Rural	17,43
5	8	55	32037A008000550000FB	- M.C. BERLANGA Y CAMPANILLA CDAD MONTES	Solo Rural	293,33
6	8	56	32037A008000560000FY	- M.C. BERLANGA Y CAMPANILLA CDAD MONTES	Solo Rural	190,56
7	9	9	32037A009000090000FO	- M.C. BERLANGA Y CAMPANILLA CDAD MONTES	Solo Rural/ Solo Urbanizado	1302,29
8	8	1	32037A008000010000FF	- ALONSO LOSADA MARIA BEATRIZ PEREZ COLEMAN - HEREDEROS DE MATILDE PEREZ-COLEMAN PEREZ - HEREDEROS DE MARIA EUGENIA PEREZ-COLEMAN ALONSO-LOSADA	Solo Rural	95,25
9	9	8	32037A009000080000FM	- ALONSO LOSADA MARIA BEATRIZ PEREZ COLEMAN - HEREDEROS DE MATILDE PEREZ-COLEMAN PEREZ - HEREDEROS DE MARIA EUGENIA PEREZ-COLEMAN ALONSO-LOSADA	Solo Rural	30,05

3.- Notificar esta resolución aos interesados e ordenar a súa publicación no BOP, nun diario dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente.

* Información: Negociado de Expropiacións: rúa do Progreso, nº 32 Ourense 32003,(tfno:988317535,expropiaciones@depourense.es).

4.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE QUINTELA DE LEIRADO.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Quintela de Leirado, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Gasto Corrente e Amortización de débeda

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Gastos de persoal: 2 peóns (21.956,51 €), 1 auxiliar administrativa a tempo parcial (14.321,80 €) e 1 operario de servizos varios (20.293,44 €)	56,571,75	56,571,75	0,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Gasto Corrente e Amortización de débeda

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Gastos de persoal: 3 peóns (16.476,93 €), 1 auxiliar administrativa a tempo parcial (14.321,80 €), 1 operario de servizos varios (13.934,48 €) e 2 monitores de tempo libre (5.384,08)	50.117,29	50.117,29	0,00
Actividades culturais, deportivas e xuvenís	6.454,46	6.454,46	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

5.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE MONTERREI PARA A EXECUCIÓN DA OBRA BALNEARIO REQUEIXO.-De conformidade coa proposta

favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlle unha subvención nominativa a favor do Concello de Monterrei, para a execución da obra *Balneario Requeixo*, polo importe de 33.688,00 euros, coas seguintes condicións:

1.- A contratación do investimento subvencionado, debido aos cambios organizativos e de xestión que se están a realizar na Deputación Provincial de Ourense, **será realizada directamente polo concello, consonte co disposto na lexislación vixente en materia de subvencións e de contratos do sector público**. Con dito fin, a deputación provincial porá a disposición desa entidade, toda a documentación obrante no expediente.

2.- Para a xustificación do investimento o concello deberá achegar á sección de subvencións desta deputación certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

2.1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

2.3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (33.688,00) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

2.4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

2.5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

2.6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

2.7.- Que na adxudicación, se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante. Nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña

por xustificada a subvención.

- Prazo xustificación: ata o **31 de outubro de 2024**

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido.

3.- Non obstante o anterior, se fose do interese desa entidade local que a tramitación do expediente de contratación se realice por esta deputación provincial, deberá comunicalo á Sección de Contratación no prazo de dez (10) días hábiles contados desde a recepción da notificación deste acordo. Neste suposto, a contratación verificarase, en atención o valor estimado do contrato, ben mediante contratación menor con publicidade a través da plataforma de licitación electrónica desta deputación –de forma que calquera licitador interesado poida presentar oferta- utilizando como criterio único de adxudicación o mellor prezo ofertado ou ben mediante procedemento aberto e utilizando como criterios de valoración automática o prezo (cunha ponderación de 90 puntos) e o prazo de garantía (cunha ponderación de 10 puntos). Os remanentes xerados polas eventuais baixas resultantes da adxudicación, incorporaranse ós orzamentos provinciais coa excepción dos procedentes, no seu caso, das aportacións municipais, previo o prorrateo correspondente. Neste caso, concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario. A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución

4.- En todo caso, a dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

6.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN HOSPITAL ASILO NOSA SEÑORA DOS ANXOS PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE, CORRESPONDENTES AO ANO 2024.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Fundación Hospital Asilo Nosa Señora dos Anxos nos seguintes termos:

- **Importe:** 80.000,00 €.
- **Obxecto:** Gastos de funcionamento da entidade, correspondentes ao ano 2024.
- **Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei (modelos C1, C2, C3 dispoñibles na páxina web da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>) á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención concedida (80.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención

poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

- **Prazo xustificación:** ata o 31 de outubro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

7.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da urxencia, por non figurar na orde do día, tratáronse os seguintes asuntos:

7A) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 2024/5840 DE CORRECCIÓN DE ERRO RELATIVO Á CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2024.-

A Xunta de Goberno acordou, por unanimidade, a ratificación da Resolución da Presidencia nº 2024/5840 que literalmente di:

Corrección de erro relativo á convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2024.

Mediante acordo da Xunta de Goberno do día 29 de abril de 2024, aprobáronse as bases reguladoras do concurso público para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2024 .

Con posterioridade, advertiuse un erro na indicación da data límite de presentación de solicitudes ao abeiro desta convocatoria.

Polo exposto, e en aplicación do previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, relativo á corrección material de erros nos actos administrativos,

DISPÓÑO:

Proceder á emenda do dito erro, quedando co seguinte contido:

1º) O prazo improrrogable de presentación iniciárase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o 10 de xuño de 2024, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

2º) O resto do contido establecido nas bases reguladoras da convocatoria de referencia, mantense invariable. Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e once minutos do referenciado día trece de maio do ano dous mil vinte e catro, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.